

DÍA DAS LETRAS GALEGAS - 2010  
UXÍO NOVONEYRA (1930-1999)



## A AELG TRINTA ANOS DESPOIS

MERCEDES QUEIXAS ZAS (*Secretaria xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega*)

**T**ranscorridos trinta anos desde a fundación da AELG en 1981, despois dunha ollada ás conclusións aprobadas entre os asistentes a aquel *I Encontro de Escritores en Lingua Galega* celebrado no Mosteiro de Poio e ao que acudiron uns 150 escritores e escritoras, a perspectiva do tempo transcorrido permite aplaudir a consecución de reclamos e esixencias que figuraban nas conclusións da clausura daquel inaugurador congreso, avalándonos, neste camiño andado cara a madurez, algúns avances a respecto da restauración de usos para a lingua galega no camiño da desexada normalización lingüística, literaria e cultural.

No entanto, despois de tres décadas de protección legal para a lingua galega, da progresiva incorporación desta ao ensino e de investimentos económicos importantes e reiterados en campañas de concienciación social, varias daquelas conclusións definitivas seguen a estar de plena actualidade na medida en que, xa en 1981, a AELG reivindicaba *o dereito dos escritores en lingua galega a non seren traducidos ao castelán nas entrevistas que se lles fagan nos medios de comunicación galegos, reclamaba a presenza de autores de teatro galegos na TV, a derogación do decreto de bilingüismo, o emprego do galego na Administración, demandaba a corrección de errores e enfoques trabucados, que se dan arreo, sobre a literatura galega no ensino, e esixía a realidade dunha escola galega e en galego a todos os niveis.*

Demasido vixentes algúns destes reclamos na Galicia contemporánea, trinta anos despois, en permanente revisitación dos versos do poeta de Guitiriz, Xosé Mª Díaz Castro: *Un paso adiante e outro atrás, Galiza / e a tea dos teus soños non se move*, ou do poeta do Courel, Uxío Novoneyra: *Irei un día do Courel a Compostela por terras liberadas?*

En 2005, o consello directivo da AELG, presidido polo poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, acordou render tributo de lembranza e homenaxe, amical e profesional, a quem foi o seu presidente entre os períodos 1982-1985 e 1988-1999, na publicación colectiva intitulada *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*.

O seu compromiso e ideario de construcción da nación soñada segue vixente como fachada que guía o proxecto

**O seu compromiso e ideario de construcción da nación soñada segue vixente como fachada que guía o proxecto colectivo da AELG**

colectivo de presente e, sobre todo, de futuro, que alimenta a AELG contemporánea, fortemente imbricada na sociedade galega, no seu tempo, nas súas coitas e esperanzas.

Reivindicou Uxío Novoneyra e seguimos a reivindicar nós a defensa da independencia intelectual do escritor, a reclamación da necesaria e respectuosa estabilidade económica da AELG a nivel institucional, a achega da literatura viva da man e voz dos seus autores e autoras como tarefa complementaria ao eido educativo, o amor pola cultura oral e escrita que cómpre recollermos para continuar o herdo, a defensa inequívoca e irrenunciábel da lingua propia e da función do escritor como construtor do idioma e salvaguarda da tradición, pois as palabras *non nos foron siempre ofrecidas como expostas, senón pra que rematen a criación pois ningunha é completa*. Todos foron principios nucleares, axiais, do proxecto vivo que deu razón de ser no tempo ido a esta casa común que, tal e como nos foi aprendido, a AELG quere continuar a ser.

Proxecto de futuro alicerzado, máis unha vez, na lingua galega e nas palabras do noso poeta-decidor courelao: *Porque a lingua é sagrada, é o único que queda de tódolos nosos mortos, a única forma de inmortalidade longa. E o poeta é ou debe ser a encarnación viva dessa lingua. E sabéndoou ou sin sabelo con plenitude sempre fala en nome do seu pobo*.